

1.- OBXECTIVOS

1a) - OBXECTIVOS XERAIS

Esta Programación Xeral Anual pretende, baseándose no Proxecto de Dirección elaborado para o período 2011/5 e tendo en conta a última Memoria, sinalar o camiño a seguir neste curso escolar.

A finalidade é unha escola integradora, participativa, enraizada na nosa cultura e aberta ao entorno e ao futuro, con valores democráticos e con boas relacións persoais.

A nosa sociedade presenta retos continuos aos que tentaremos adaptarnos o máis axiña posible e, a través dunha educación de calidade e integral, dotar ao noso alumnado de competencias básicas que lles axuden tamén a afrontar as novas situacións que se lles presenten.

Este obxectivo precisa a estreita e coordinada colaboración entre escola, familia e sociedade.

1b) - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Dentro dos obxectivos propostos no Proxecto de Dirección consideramos prioritarios os seguintes, sendo conscientes de que uns poderán resolverse a curto prazo (un curso) e outros a máis longo prazo.

B.1.- Promover o remate, revisión e cumprimento do PEC establecido na LOE. Rematar o Plan de Autoprotección do centro coa realización dos simulacros de evacuación pendentes.

B.2.- Promover a elaboración do Proxecto de Xestión do Centro.

B.3.- Promover as normas de organización e funcionamento nas que se garantan o cumprimento do Plan de Convivencia. Engadir a este último un protocolo de recepción de novos alumnos.

B.4.- Facilitar e posibilitar os medios necesarios para que o alumnado con

necesidades específicas de apoio educativo alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.

B.5.- Dinamizar as TICs tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, dotando ao centro dos medios para realizar esta tarefa, dentro das nosas posibilidades.

B.6.- Dinamizar a Biblioteca, completar a súa informatización ata facer o préstamo con este sistema e cun lector de código de barras.

B.7.- Fomentar a investigación, a experimentación e a innovación educativa.

B.8.- Revisar e actualizar o proxecto lingüístico do centro.

B.9.- Establecer criterios de coordinación interciclos e etapas educativas.

B.10.- Ofrecer unha educación e formación para igualdade entre homes e mulleres.

B.11.- Implicar ás distintas administracións na mellora das instalacións do centro.

1c) – MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

C.1.- A través do Claustro de Profesores, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Departamento de Orientación, equipos docentes e Consello Escolar, revisarase o PEC.

Revisar o Plan de Autoprotección para actualizalo e completalo, e sometelo á aprobación do Claustro e Consello Escolar.

C.2.- Elaboración do anteproxecto de xestión anual polo Secretario. Serán a Comisión Económica e o Consello Escolar quen aproben e xustifiquen este proxecto. Informarase ao Claustro do mesmo.

C.3.- Revisar, cos profesores, orientadora, especialistas de PT e AL, un protocolo de acollida do alumnado novo.

C.4.- Elaborar por parte do Departamento de Orientación xunto coa CCP e o profesorado, un listado das necesidades de atención a alumnado de EP con dificultades, así como das necesidades nas aulas de E. Infantil.

Identificación e valoración dos alumnos susceptíbeis de apoio e adopción

de medidas, ACIs...

Incrementar á atención aos alumnos con dificultades ou de altas capacidades mediante un intensivo plan de apoios no aula.

C.5.- Instalar dúas pizarras dixitais nas aulas de EI e dotar a dúas aulas de EP de videoproxectores e/ou pizarras dixitais ou brancas.

Instalación de novos puntos de acceso a Internet.

Dinamizar os recursos informáticos do centro.

C.6.- Dinamizar as Bibliotecas do centro a través dun equipo de biblioteca do que formen parte o profesorado tanto de E. Infantil como de E. Primaria.

C.7.- Transformación do aula de informática do Concello, obsoleta e en desuso, nun aula multiuso cun laboratorio e material de apoio ás matemáticas e ás ciencias e unha pequena sección de informática, dotándoa dun proxector de corpos opacos.

C.8.- Potenciar o uso da lingua galega nun medio maioritariamente castelán-falante coma é o noso. Publicación revista "Lóstrego" e realización de enquisas anuais sobre o uso do idioma.

C.9.- Este curso estableceremos de maneira coordinada os obxectivos mínimos de cada Ciclo coa supervisión e aprobación do Claustro e da CCP.

C.11.- Revisar que as programacións inclúan medidas conducentes a unha educación para a igualdade.

C.12.- Implicar ás institucións e a toda a comunidade educativa no proxecto educativo do centro e na súa consecución dotando ao centro de mellores medios materiais e humanos.

1d) - RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO

- Os recursos económicos cos que conta o centro son os que proveñen da Consellería de Educación.
- Os recursos humanos son o persoal docente, e non docente.
- Alén diso contamos co servizo de madrugadores, con persoal da ANPA, e co servizo de comedor escolar, con persoal da empresa SERUNIÓN.
- Pola tarde nas actividades extraescolares contamos cos monitores propostos pola Federación de ANPAS e outros.
- Recursos materiais. Solicitamos cada ano material de renovación de mesas, encerados, cadeiras, armarios e material informático.
- Para pequenos arranxos contamos coa colaboración do Concello da Coruña.

2.- CONCRECIÓN ANUAL DO PEC

O proxecto educativo do centro está aínda casi rematado, e no curso 2011/2012 será sometido á súa aprobación.

3.- INFRAESTRUCTURA

3a) Unidades escolares:

	EP			EI	TOTAL
	1º CICLO	2º CICLO	3º CICLO		
<u>Número</u>	<u>6</u>	<u>6</u>	<u>6</u>	<u>9</u>	<u>27</u>

3b) Espazos comúns:

O noso centro conta actualmente coas seguintes instalacións de uso común:

- Biblioteca de EP.
- Biblioteca de EI.
- Salón de Actos/Comedor, que conta cun escenario no que se representan obras e se desenvolve a actividade extraescolar de teatro.
- Aula de Informática de EP, con ordenadores conectados en rede e pizarra dixital.
- Aula de audiovisuais de EI, con pizarra dixital.
- Aula de usos múltiples (que resultará da antiga aula de Informática do Concello, obsoleta e infrautilizada).

Nela contamos cun proxector e pantalla branca. Dentro dos usos a potenciar nesta aula este ano están: Laboratorio de Ciencias, Aula-Obradoiro, pequena Aula de Informática...

- Sala de Espera.
- Sala de Profesores.
- Pequena sala de reunións no primeiro andar, que utiliza habitualmente o ENDL.
- Titorías de profesores no primeiro e segundo andar de EP e no edificio de EI.
- Dúas aulas de Audiovisuais, nas que se imparten Relixión e Inglés e, polas tardes as actividades de Manualidades e Xadrez, habitualmente.
- Pavillón polideportivo de titularidade compartida por convenio Concello/Colexio, na que se desenvolven habitualmente as clases de EF de EP, actividades extraescolares e competicións deportivas e actos

comúns e festivais do centro.

- Ximnasio, onde se realizan as clases de psicomotricidade de EI, as clases de EF do 1º Ciclo de EP e diferentes actividades extraescolares.

3c) Alumnado:

Grupo	EI			EP					
	3 anos	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
A	25	24	25	22	25	23	23	20	23
B	24	25	25	22	25	23	23	17	23
C	25	23	25	22	25	23	22	14	24
Total alumnos	74	72	73	66	75	69	68	51	70
	219			399					
	618								

4.- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

4a) Órganos de goberno

UNIPERSOAIS:

- Director: Jesús Manuel Carballo Felpete

Funcións: As sinaladas no artigo 132 do capítulo IV da LOE.

- Xefa de Estudos: Ana M^a Seijo López.

- Secretario: Óscar Mourenza Fernández.

Equipo Directivo reúnese os luns de 9 a 9'55 horas. Os mércores, de 12'15 a 13'10 reúnense o Director e o Secretario, e todos os días de 9 a 9'55 horas, o Director coa Xefa de Estudos.

Ademais os luns pola tarde reúnese o Equipo Directivo en horario de 17 a 18 horas cando non existiren entrevistas cos pais.

Nas citadas reunión trátanse temas de:

- Organización de horarios, espazos ...
- Dinamizacións e proxectos puntuais.
- Plans (PXA, PEC ...)
- Relacións coas Administracións.
- Temas de disciplina.
- Temas de lexislación
- ...

COLEXIADOS:

- Consello Escolar:

a) Consideración xeral:

Será o órgano a través do que participarán na xestión e dirección do Centro os diferentes sectores da comunidade escolar: profesorado, pais de alumnos, persoal non docente e municipio. Sobre el recaerá directamente toda a responsabilidade da actividade do Centro, tendo as súas decisións carácter

executivo nas diferentes cuestións que ten atribuídas pola lexislación vixente.

Reuniranse polo menos unha vez ao trimestre e/ou cantas veces for preciso.

b) Composición:

- Presidente: Jesús M. Carballo Felpete. Director do Centro.
- Membros natos: Óscar Mourenza Fernández. Secretario do Centro.
Ana M^a Seijo López. Xefa de Estudos do Centro.

- Representantes do profesorado:
 - Jesús Manuel Parga Reboredo
 - José M^a García Naya
 - Gala Varela Peón
 - Rosa M^a Leira Criado
 - Luz Divina Carballal Fernández

- Representantes dos pais de alumnos:
 - M^a Dolores Blanco Vieites
 - M^a Isabel Costela González
 - Amparo M^a Gómez Rey (Representante da Anpa)
 - Laura Soledad Morán Rey
 - Laura Blanco Caramés

- Representante do persoal non docente:
 - Antonio Sánchez Martínez

- Representante do Municipio:
 - Patricia Lesta Zas

4b) CADRO XERAL DO PROFESORADO – CURSO 2011/2012**EDUCACIÓN INFANTIL****Definitivos**

- Gala Varela Peón (E.I. sen titoría)
- Ana María Seijo López (E.I. sen titoría)
- María Coronado Santiago (E.I. sen titoría)
- M^a Rosa Leira Criado (3 anos A)
- Rosa M^a Borrazás Barreiro (3 anos B)
- Begoña Tordera de Arriba (3 anos C)
- Nuria Fernández del Moral (4 anos A)
- M^a Ángeles García Muíños (4 anos B)
- Mercedes García Filloy (4 anos C), substituída por Ana M^a Astray Iglesias
- Belén Martín Trillo (5 anos A)
- M^a Teresa Martínez Seoane (5 anos B)
- M^a Jesús García Trillanes (3 anos A)

EDUCACIÓN PRIMARIA**Definitivos**

- José M^a García Monelos (1^oA)
- M^a Josefa Benito Iglesias (2^o A)
- M^a Cruz Fernández Basalo (2^o B)
- M^a Carmen Ínsua Brea (2^o C)
- Estrela Couceiro Vázquez (3^o A)
- Gloria Nodar Freire (3^o B)
- Laureano Castro Dans (3^o C)
- Jesús M. Parga Reboredo (4^o A)
- Ana Rilo Chas (4^o B)
- Luz del Mar Teixido Infante (4^o C)
- Ana L. Fernández Rodríguez (5^o A)
- Victoria Crespo Neira (5^o B)

- Irene López López (5ºC)
- Jesús Becerra Graíño (6ºA)
- Mª Pilar Pardo Bermúdez (6º B)
- Mª Esther García Facal (6º C)

Provisionais

- Mª Dolores González Fernández (1º B)
- Isabel Mª Iglesias Herrero (1º C)

ESPECIALIDADES - E. PRIMARIA

Lingua Inglesa

- María Tubío Calvo (D)
- Ana María Fernández Vázquez (D)
- José María García Naya (D)

Educación Física

- Mª Ramona Porto Rodríguez (D)
- Jesús M. Carballo Felpete (D)
- Óscar Mourenza Fernández (D)

Música

- Mª Aránzazu Blanco Devesa (D)
- Juan Carlos García Suárez (D)
- Nélida Paz Rodríguez (I)

Pedagogía Terapéutica

- Mª del Pilar Ferreiro Broz (D)
- Ana María Prieto Domínguez (D)

Audición e Linguaxe

-Luz Divina Carballal Fernández (D)

Atención a alumnado estranxeiro e minorías étnicas (Compartido co CEIP Raquel Camacho)

- Verónica Eiravella (P), substituída por Martín Varela.

Xefa do Departamento de Orientación

- M^a Victoria Mejuto Fernández (P)

As profesoras Dolores López Martínez e María del Mar Quintela Abad, nomeadas pola Vicaría, imparten Relixión Católica en Educación Infantil e Educación Primaria.

4c) HORARIO SEMANAL DE EDUCACIÓN PRIMARIA*Anexo III do Decreto 130/2007, do 28 de xuño (DOG, 09/07/07).*

ÁREAS OU MATERIAS	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua Estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación Artística	2	2	2	2	2	2
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural	5	4	5	4	5	4
Relixión/Atención Educativa	1	2	1	2	1	2
Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos	-	-	-	-	-	2
TOTAL	25	25	25	25	25	25

4d) XUNTAS DE AVALIACIÓN**1ª AVALIACIÓN:**

Datas das xuntas: 12 e 13 de nadal.
 Período de apertura da aplicación XADE: Do 1 ao 21 de nadal.

2ª AVALIACIÓN:

Datas das xuntas: 26 e 27 de marzo.
 Período de apertura da aplicación XADE: Do 26 ao 30 de marzo.

3ª AVALIACIÓN:

Datas das xuntas: 11 e 12 de xuño.
 Período de apertura da aplicación XADE: Do 11 ao 22 de xuño.

- Os/as titores/as dos cursos 1º, 3º e 5º de EP e EI 3 anos realizarán unha avaliación inicial de cada un, introducindo os resultados da mesma no XADE no período correspondente á 1ª Avaliación.

4e) ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

4e.1) Equipos de Ciclo

Todos os profesores de cada ciclo formarán o grupo ou equipo docente do respectivo ciclo. (Os de Educación Infantil, 1º ciclo de Primaria, 2º ciclo de Primaria e 3º ciclo de Primaria).

Os equipos de ciclo son órganos básicos para organizar e desenvolver, baixo a supervisión da Xefa de Estudos, as ensinanzas propias do Ciclo.

Os equipos de ciclo reuniranse dúas veces ao mes e sempre que foren convocados pola Xefa de Estudos; a asistencia será obrigatoria para todos os seus membros e o coordinador levantará acta co resumo do tratado.

Membros dos equipos de ciclo:

EDUCACIÓN INFANTIL

- Coordinadora: Begoña Tordera de Arriba

- Membros:
 - Gala Varela Peón
 - María Coronado Santiago
 - Belén Martín Trillo
 - Rosa Leira Criado
 - Nuria Fernández del Moral
 - Rosa Borrazás Barreiro
 - Mª Jesús García Triñanes
 - María Teresa Martínez Seoane
 - Ana Mª Astray Iglesias (substituta de Mercedes García Filloy)
 - Mª Victoria Mejuto Fernández (orientadora)

EDUCACIÓN PRIMARIA - 1º CICLO

- Coordinadora: Nélida Paz Rodríguez
- Membros: María Josefa Benito Iglesias
María Cruz Fernández Basalo
María Carmen Insua Brea
José M^a García Monelos
M^a Dolores González Fernández
Isabel M^a Iglesias Herrero
Luz Divina Carballal Fernández
María del Mar Quintela Abad
José M^a García Naya
Óscar Mourenza Fernández

EDUCACIÓN PRIMARIA - 2º CICLO

- Coordinadora: Ana María Rilo Chas
- Membros: Jesús M. Parga Reboredo
Luz del Mar Teixido Infante
Laureano Castro Dans
Estrela Couceiro Vázquez
Gloria Nodar Freire
María Ramona Porto Rodríguez
María Aránzazu Blanco Devesa
María Dolores López Martínez
María Tubío Calvo
Ana Fernández Vázquez
Ana María Prieto Domínguez

EDUCACIÓN PRIMARIA - 3º CICLO

- Coordinadora: María Esther García Facal
- Membros: Jesús Becerra Graíño
María Pilar Pardo Bermúdez
Ana Luisa Fernández Rodríguez
Irene López López
María Victoria Crespo Neira
Jesús Carballo Felpete
Pilar Ferreiro Broz

EDUCACIÓN INFANTIL

O Equipo de Educación Infantil está composto polas seguintes persoas:

- Ángeles García Muiños
- Nuria Fernández del Moral
- María Coronado Santiago
- Victoria Mejuto Fernández
- Belén Martín Trillo
- Rosa Leira Criado
- Rosa Borrazás Barreiro
- María Jesús García Triñanes
- María Teresa Martínez Seoane
- María Mercedes García Filloy, substituída por Ana M^a Astray Iglesias
- María Begoña Tordera de Arriba (Coordinadora)
- Ana Seijo López

Neste centro impártese o Segundo Ciclo de Etapa de Educación Infantil, o que se corresponde con niveis de 3, 4 e 5 anos. Contamos con 9 aulas, distribuídas en 3 aulas por nivel. Temos tres profesoras de Educación Infantil en funcións de apoio e reforzo educativo. Tamén imparten docencia neste ciclo os profesores especialistas de Inglés, Relixión Católica, Música, P.T. e A. L.

O alumnado de tres anos que se incorpora por primeira vez á escola faíno seguindo o período de adaptación segundo os parámetros dispostos pola Consellería de Educación e O.U. No Colexio organizouse o alumnado deste nivel en dous grupos, acudindo o primeiro en horario de 9 a 11 horas da mañá, mentres que o segundo grupo o fixo en horario matinal de 12 a 2 horas, manténdose este horario ata o 23 de setembro.

O Equipo considera que a colaboración coas familias é absolutamente imprescindible para conseguir os obxectivos fixados. Parécenos importante que os pais mostren ilusión e implicación nas tarefas escolares dos seus fillos.

Programamos actividades que implican axuda, colaboración e participación dende os fogares dos alumnos.

En consonancia con anterior, en determinados momentos moi concretos, se contempla a asistencia de pais e nais á aula para a realización de diferentes actividades conjuntamente co profesorado.

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN.

Preténdese seguir unha liña metodolóxica que faga posible a participación do alumnado na adquisición dos seus propios coñecementos. Adicamos, dentro do posible, unha atención individualizada, planificando actividades de aprendizaxe, adaptadas aos coñecementos previos. Partimos da idea de que o xogo é actividade infantil por excelencia, e polo tanto o xogo ofrece unha vía de aprendizaxe idónea á idade deste nivel educativo.

A praxis educativa permite diferentes enfoques metodolóxicos. Nas diferentes programacións de nivel e de aula temos presentes principios e parámetros que nos permiten adoptar unha metodoloxía que se fundamenta en

- * Atención á diversidade
- * Enfoque globalizador
- * Aprendizaxe significativa
- * A actividade infantil: Observación e experimentación.

Na nosa metodoloxía a Escola é un lugar de vida e regulacións compartidas onde creamos un ambiente de confianza acolledor e seguro, de xeito que cada neno/-a medre seguros de si mesmo, afrontando os retos, adquirindo estratexias que lle permitan desenvolver as súas propias potencialidades.

En función da realización de diferentes actividades, contemplamos a posibilidade de diferentes agrupacións, actuando en pequenos ou grandes grupos.

Ao longo do curso levaranse a cabo diferentes saídas extraescolares adaptadas as diferentes idades nos diferentes niveis educativos.

Valorarase ao longo do curso todas aquelas outras saídas que poidan xurdir e que se consideren de interese; en todo caso as previstas para este curso son:

- **Nivel 3 Anos:** Rutas urbanas (Xardíns de Méndez Núñez). Biblioteca Ágora.
- **Nivel 4 Anos:** Saída a factoría "Bonilla". Ruta urbana (plaza de M^a Pita). Casa dos Peixes. Teatro do Forum (Obra:Caperucita Roja). Concertos didácticos.
- **Nivel 5 Anos:** Concertos didácticos. Teatro do Forum. Saída ao Monte de S. Pedro. Ruta urbana (Cantóns). Casa das Ciencias-Planetario. Día de convivencia en Marcelle.

A avaliación será un proceso individualizado, continuo, permanente, que aporte datos cualitativos e explicativos sobre os progresos acadados por cada alumno/-a nos diferentes ámbitos de aprendizaxe.

Os profesionais que desempeñamos o noso labor nestas etapas tamén avaliamos a nosa practica educativa.

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os componentes do ciclo son os seguintes mestres/as:

- Titores:
 - 1ºA: José María García Monelos
 - 1ºB: María Dolores González Fernández
 - 1ºC: Isabel María Iglesias Herrero
 - 2ºA: M^a Josefa Benito Iglesias
 - 2ºB: M^a Cruz Fernández Basalo
 - 2ºC: M^a Carmen Insua Brea

- Especialistas:
 - Nélida Paz Rodríguez
 - Luz Divina Carballal Fernández
 - Mar Quintela Abad
 - José María García Naya.
 - Óscar L. Mourenza Fernández.

As reunións de ciclo celébranse os días sinalados, segundo contempla o Plan de centro, e todas as veces que se considera necesario.

A coordinadora do ciclo será durante este curso Nélida Paz Rodríguez.

Os obxectivos do ciclo son:

- Tratar de conseguir a mellor fluidez e comprensión lectora posibles na linguaxe oral e escrita.
- Tentar de conseguir a maior axilidade numérica posibles e facer fincapé no cálculo mental.
- Recoñecer situacións do seu medio habitual nas que existan problemas que se resolvan coas operacións de sumar e restar.
- Desenvolver a capacidade de comprensión do medio que nos rodea a través da observación de imaxes, debuxos e da lectura.
- En xeral, trataremos que os alumnos se comporten ben cos compañeiros/as e cos profesores/as, que fagan as tarefas escolares con orde e limpeza e que participen nas actividades en grupo amosando unha actitude solidaria.

2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Coordinadora:	Ana María Rilo Chas
Membros:	Estrela Couceiro Vázquez Gloria Nodar Freire Laureano Castro Dans Jesús M. Parga Reboredo Ana María Rilo Chas Luz del Mar Teixido Infante María Ramona Porto Rodríguez María Aránzazu Blanco Devesa María Dolores López Martínez María Tubío Calvo Ana María Prieto Domínguez

Os obxectivos que se tenderá acadar ao longo do curso 2011/2012 serán os seguintes:

1. Potenciar a utilización da linguaxe oral e escrita como instrumento de comunicación e comprensión nas tres linguas curriculares: galego, castelán e inglés.
2. Coñecer e utilizar axeitadamente a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura como fonte de pracer, achando nela unha canle de formación e información.
3. Achegamento á nosa cultura popular, oral e escrita.
4. Participar na dinamización da biblioteca do centro a través da aula, promovendo o respecto á diversidade lingüística.
5. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e resolver problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo e coñecementos xeométricos, sendo capaces de aplicalos a situación da vida cotiá.
6. Tratar de acadar unha maior axilidade no cálculo mental para afrontar con soltura problemas que se presentan de cotío.
7. Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural e conservación do mesmo.

8. Coñecer, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e a non discriminación por ninguna causa.
9. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas persoais.
10. Motivar os alumnos para conseguir unha boa presentación nos traballos a realizar.
11. Iniciarse na utilización (para aprender) das TIC, desenvolvendo un espírito crítico perante as mensaxes creadas e recibidas.
12. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo; así como actitudes de confianza en si mesmo.
13. Utilizar a Educación Física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social e valorar a hixiene e a saúde.
14. Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos.
15. Unificar criterios de avaliación e promoción de Ciclo.

3º CICLO DE PRIMARIA

Coordinadora: María Esther García Facal
Membros: Jesús Becerra Graíño
M^a Pilar Pardo Bermúdez
Victoria Crespo Neira
Irene López López
Ana Luísa Fernández Rodríguez
Jesús Carballo Felpete
Ana Fernández Vázquez.
M^a Pilar Ferreiro Broz

Obxectivos xerais para o curso 2011/2012:

- Alcanzar un clima de relación escolar gratificante desenvolvendo hábitos de respecto e tolerancia.
- Conseguir autorresponsabilidade escolar e social baseándose na participación activa.
- Fomentar o espírito crítico e investigador.
- Adquirir hábitos de orde, claridade e limpeza na realización e presentación dos traballos.
- Conseguir unha comunicación oral e escrita espontánea, precisa e adaptada á idade.
- Potenciar a lectura como fonte de información e divertimento.
- Lograr unha actitude analítica e reflexiva ante as matemáticas na que predomine o razoamento sobre a mecánica.
- Adquirir os coñecementos propios do Ciclo.
- Desenvolver a competencia do manexo básico das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).
- Completar a formación do alumnado con visitas culturais que enriquezan o coñecemento do mundo que os rodea.
- Levar a cabo, entre tódolos titores do Ciclo, un programa de Atención á diversidade e Reforzo Educativo. Este programa pretende que cada titor traballe diferentes aspectos do curriculum con alumnos do seu nivel. Mensualmente será avaliado e modificado atendendo as necesidades educativas que poidan xurdir.
- Revisión dos contidos mínimos de promoción para 3º Ciclo.

4e.2) **COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA**

A composición, a organización e as competencias desta Comisión están recollidas no artigo 62 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro do regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Durante este curso escolar a **composición** será a seguinte:

Presidente:

- Jesús Carballo Felpete (Director)

Membros:

- Ana Seijo (Xefa de Estudos)
- M^a Begoña Tordera de Arriba (Coordinadora E.I.)
- Nélica Paz Rodríguez (Coordinadora 1^o Ciclo)
- Ana M^a Rilo Chas (Coordinadora 2^o Ciclo)
- Esther García Facal (Coordinadora 3^o Ciclo)
- Laureano Castro Dans (E.D.L.G.)
- M^a Pilar Ferreiro Broz (membro D.O.)
- Luz Divina Carballal Fernández (membro D.O.)
- Ana M^a Prieto Domínguez (membro D.O.)
- M^a Victoria Mejuto Fernández secretaria da CCP (membro D.O.)

As **accións prioritarias** a realizar durante o presente curso escolar serán as seguintes:

- Revisar e rematar do P.E.C. do centro:
 1. Concretar os curriculos de EI e EP, revisando os contidos e obxectivos mínimos de promoción do ciclo.
 2. Revisar as normas de organización e funcionamento.

3. Rematar o Plan de auto protección, cun simulacro co alumnado de EI e un global
4. Incluir no PAT e/ou no Plan de Convivencia un plan de acollida para alumnos (dado o alto número de alumnos novos que chegan durante o curso), mestres e familias.
5. Incluir a educación en valores e outras ensinanzas nas distintas áreas.
6. Incluir a atención a diversidade.
 - Controlar a entrega dos alumnos por medio dunha autorización escrita.
 - Canalizar as necesidades de formación do profesorado.
 - Estudar os resultados de Avaliación Diagnóstica. Facer as propostas necesarias para mellorar algúns aspectos.
 - Fomentar a lectura e o uso da Biblioteca escolar e de aula.

4e.3) COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

Esta Comisión estará formada durante este curso (2011-2012) polos seguintes membros:

- Presidente: Jesús Carballo Felpete (Director).
- Ana Seijo (Xefa de Estudos).
- M^a Victoria Mejuto Fernández (Xefa do D.O.).
- Luz del Mar Teixido Infante.

4e.4) EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

MEMBROS INTEGRANTES:

- Educación Infantil
 - Rosa Borrazás Barreiro
 - María Coronado Santiago
- Educación Primaria- 1^o ciclo
 - José María García Monelos
 - Nélica Paz Rodríguez
- Educación Primaria- 2^o ciclo
 - Gloria Nodar Freire
 - Arantxa Blanco Devesa
- Educación Primaria- 3^o ciclo
 - Ana Luisa Fernández Rodríguez
 - M^a Pilar Pardo Bermúdez

Coordinadora: María D. González Fernández

REUNIÓNS:

As reunións celebraranse os luns, previa convocatoria das mesmas, establecéndose con carácter xeral o terceiro luns de cada mes, podendo sufrir modificacións segundo as necesidades do centro. Así, con carácter excepcional poderanse celebrar outras reunións dentro do horario do centro e co consentimento dos membros que constitúen o equipo.

OBXECTIVOS XERAIS

Ao longo do curso 2011-2012, o Equipo de Actividades Complementarias seguirá en liñas xerais os obxectivos do curso pasado, elaborados a partir dos establecidos en cursos anteriores, e intentará aportar ideas e actividades novedosas para o alumnado.

- 1º) Promover o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado, completando a acción educativa da escola.
- 2º) Tratar de mellorar a prestación educativa, abordando aspectos formadores que non poden ser tratados suficientemente no réxime ordinario das clases.
- 3º) Propiciar a convivencia dentro do espazos aula e centro.
- 4º) Facilitar o contacto na entorna.
- 5º) Favorecer a formación para o lecer, á vez que o desenvolvemento social e cultural do alumnado.

ACTIVIDADES NO CENTRO

FESTA DO SAMAÍN: na semana do 24 ao 28 de Outubro farase unha exposición de cabazas decoradas polo alumnado.

FESTA DO MAGOSTO: o 28 de Outubro terá lugar esta festa co asado de castañas de xeito que todo o alumnado e profesorado poda degustar este froito do outono. O profesorado que así o desexe contará con actividades para traballar na aula esta festa.

O NADAL: o carteiro real virá recoller as cartas feitas polos nenos e nenas de Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria.

O día 21 de Decembro realizarase un Festival con panxoliñas en varios idiomas.

O DÍA DA PAZ: o día 30 de Xaneiro haberá actividades e faranse debuxos alusivos a esta conmemoración.

O ENTROIDO: celebráremolo o día 17 de Febreiro e en vindeiras reunións establecerase a temática para o desfile.

O DÍA DAS LETRAS GALEGAS: este ano está adicado a Valentín Paz Andrade. Realizaranse as actividades que determinen o Equipo de Normalización Lingüística e o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO

- Teatro:
 - Konrad
 - Area e Auga
 - Viceversa
 - "El último puerto"
- Descubrir Coruña
 - Visitas e itinerarios
 - Tesoros de M^a Pita
 - Xardíns de Méndez Núñez
 - Cantones

- Rutas urbanas animadas
 - Bonilla
 - Museo de Belas Artes
 - Bombeirosos
 - Biblioteca Miguel González Garcés
 - Fundación M^a José Jove
 - Museo Arqueolóxico e Histórico
 - Castro de Elviña
- Descubrir os libros- Biblioteca Municipal Ágora
- Descubrir a música:
 - Ma mère l'oye
 - "La Cenicienta"
- Museos Científicos: Aquarium e Casa das Ciencias
- Programas de educación ambiental:
 - A ruta da auga en A Coruña
 - "Veo, veo: biodiversidad en A Coruña"
- Programas educativos do departamento de servizos sociais
 - Taller de prevención do consumo de tabaco- Ciencia divertida
 - Taller de prevención do consumo do alcohol- Ciencia divertida
- Programa de educación para o consumo
 - Os productos dos máis pequenos
- Marcelle
- Centro de Interpretación de xogos tradicionais "Brinquedos"
- Museo etnográfico de A Capela

E outras que vaian xurdindo relacionadas cos obxectivos educativos do centro e aprobada polo Consello Escolar.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Como en anos anteriores, as actividades extraescolares están organizadas pola Dirección do centro coa colaboración da Anpa e o profesorado. Todas estas actividades están supervisadas polo Consello Escolar.

ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS POLO CONCELLO – CURSO 2011/2012

ACTIVIDADE	DÍAS E HORAS	LUGAR	CUOTA
Xogos E. Infantil e 1º Ciclo de EP	Luns e Mércores (4 a 5)	Ximnasio	33'00 € /ano
Ximnasia Rítmica E.I. 4 e 5 anos 1º, 2º e 3º de EP 4º, 5º e 6º de EP	Luns e Mércores (4 a 5) Luns e Mércores (5 a 6) Luns e Mércores (5 a 6)	Polideportivo Polideportivo Ximnasio	33'00 € /ano
Xadrez 1º a 6º de EP	Luns e Mércores (4 a 5) Luns e Mércores (5 a 6)	Aula de video	33'00 € /ano
Patinaxe E.I. 4 e 5 anos 1º, 2º e 3º de EP 4º, 5º e 6º de EP	Luns e Mércores (4 a 5) Luns e Mércores (5 a 6) Luns e Mércores (6 a 7)	Pista de patinaxe	33'00 € /ano
Fútbol 3º e 4º de EP 5º e 6º de EP	Luns e Mércores (5 a 6) Luns e Mércores (6 a 7)	Polideportivo	33'00 € /ano
Balonmán 3º a 6º de EP	Martes e Xoves (6 a 7)	Polideportivo	33'00 € /ano
Multideporte (Baloncesto, Atletismo, Hóckey) 3º a 6º de EP	Luns e Mércores (6 a 7)	Polideportivo	33'00 € /ano

ACTIVIDADES NON SUBVENCIONADAS POLO CONCELLO – CURSO 2011/2012

ACTIVIDADE	DÍAS E HORAS	LUGAR	CUOTA
Solfeo e Piano E.I. 5 anos a 6º de E.P.	Martes e Xoves (4 a 5) Martes e Xoves (5 a 6)	Aula de música	22 € / mes
Ballet e Baile Moderno E.I. 3, 4 e 5 anos 1º a 6º de E.P.	Martes e Xoves (4 a 5) Martes e Xoves (5 a 6)	Ximnasio	18 € / mes
Debuxo e Pintura E.I. 3 anos a 6º de E.P.	Martes, Mércores, Xoves (4 a 5 /5 a 6)	Aula de plástica	18 € / mes
Teatro E.I. 3, 4 e 5 anos 1º a 6º de E.P.	Martes e Xoves (4 a 5) Martes e Xoves (5 a 6)	Salón de actos	18 € / mes
Judo E.I. 4 anos a 6º de E.P.	Martes e Xoves (4 a 5)	Polideportivo	20 € / mes
Informática 3º a 6º de E.P.	Martes e Xoves (4 a 5)	Aula informática	18 € / mes
Taekwondo E.I. 3 anos a 6º de E.P.	Martes e Xoves (4 a 5) Martes e Xoves (5 a 6)	Polideportivo	18 € / mes
Taller Bilingüe (Inglés) E.I. 3-4-5 anos 1º e 2º de EP	Martes e Xoves (4 a 5) Martes e Xoves (5 a 6)	Aula de E.I. 3 anos	18 € / mes
Fútbol-Iniciación 1º e 2º de E.P.	Luns e Mércores (4 a 5)	Polideportivo	18 € / mes

4e.5) ENDL: PROXECTO LINGÜÍSTICO

O Decreto 124/2007 do 28 de xuño polo que se regula o uso e promoción da Lingua Galega no sistema educativo, establece no seu art. 14 que cada centro elaborará o seu Proxecto Lingüístico, que formará parte do Proxecto Educativo e que será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro. Así mesmo, no marco do Proxecto fomentárase o uso da Lingua Galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice e adoptaranse as medidas oportunas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio do galego poida seguir con aproveitamento as ensinanzas impartidas na nosa lingua.

CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO**2.1.- Determinación da situación sociolingüística do centro.**

A análise sociolingüística realizada no centro está baseada no contexto xeográfico e cultural onde se ubica e nos datos tirados das enquisas que se pasaron a nais e pais, alumnado de 6º de Primaria e profesorado (febreiro do 2011), na observación participativa e na entrevista aberta.

2.1.1.- Contexto sociolingüístico externo.**Familias:**

No entorno das familias (pais e nais) predomina o uso do castelán, coas seguintes porcentaxes:

Galego: 14´5% Castelán: 60% Indistintamente: 25´5%

e aumenta na lingua de uso cos fillos:

Galego: 11´5% Castelán: 66´5% Indistintamente: 22%

No caso do alumnado que remata a etapa de Primaria, obtéñense as seguintes porcentaxes:

- Ámbito familiar:

Galego: 5´5% Castelán: 65´5% Calquera das dúas: 29%

- Ámbito escolar e lúdico:

Galego: 1´6% Castelán: 63% Calquera das dúas: 35´4%

Interaccións comunitarias:

As linguas empregadas habitualmente nas interaccións comunitarias son o galego e o castelán indistintamente.

Concello:

A comunicación realízase en galego por parte do centro e en castelán e galego polo Concello.

Entidades asociativas:

A lingua empregada polas entidades asociativas do contorno é o castelán. Nas actividades extraescolares é tamén o castelán a lingua de comunicación.

2.1.2.-Contexto sociolingüístico interno.

Polo que se refire ás materias impartidas en galego en educación primaria son as seguintes: lingua e literatura galega, educación artística e coñecemento do medio.

Profesorado:

Polo que atinxe ao profesorado, os datos dos seus hábitos lingüísticos son os seguintes:

- Lingua habitual de uso fóra do contorno escolar:

Galego: 22´5% Castelán: 32´5% Indistintamente: 45%

- Lingua habitual de uso no contorno escolar:

Galego: 37´5% Castelán: 15% Indistintamente: 47´5%

- Nivel de capacitación para impartir materias en galego:

Bo: 52´5% Medio: 47´5%

- Disposición para a actualización en materia lingüística:

Moita: 65% Algunha: 27´5% Pouca: 7´5%

A actitude cara a dinamización do galego no ámbito educativo (87'5% do profesorado) é tamén moi positiva.

A ambientalidade lingüística do centro:

Na documentación administrativa, en galego.

Nas comunicacións orais e escritas co alumnado, familias e institucións, en galego.

Na interacción co alumnado en contextos informais, en galego e castelán.

Persoal non docente, en galego.

Actividades extraescolares, en castelán

ANPA, en galego dende o anterior ano escolar.

2.1.3.- Outras informacións.

O noso é un Centro Público de Ed. Infantil e Ed. Primaria de liña tres: nove aulas de Ed. Infantil e dezoito de Ed. Primaria, cunha matrícula no presente curso de 620 alumnos.

Deses, posúen nacionalidade estranxeira corenta e nove alumnos, o que representa un 7'9% do total. Este alumnado procedente da inmigración distribúese en máis dunha ducia de nacionalidades de Europa, América do Sur, África e Asia. Son coñecedores do castelán, 26; coñecen idiomas próximos ao galego, 6 e descoñecen galego e castelán, 16. Unha parte deses alumnos xa estiveron escolarizados no centro e outros chegaron este curso, requirindo atención preferente para a adquisición dos idiomas.

A competencia en galego do alumnado inmigrante: O centro conta con profesorado de apoio en Primaria e, en xeral, coa boa disposición dos rapaces e mais as súas familias para a adquisición das dúas linguas de referencia no ensino.

No caso do galego, é de destacar a porcentaxe dos matriculados nas aulas de Ed. Infantil (3 anos) que elixiron como lingua vehicular predominante o galego.

PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

O noso centro estivo incluído no Plano de potenciación da Lingua Galega en contextos castelán falantes, da Consellería de Educación, chegando a contar con 6 aulas en Ed. Infantil, das 9 totais.

Coa supresión do devandito Plano, no presente curso (2011-2012) a distribución será:

Nas aulas de 5 anos continúa a escolarización de acordo co Plano de potenciación, segundo se indica na circular de 8 de xuño de 2010 do Xefe do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa, resultando:

- Dúas aulas co galego como lingua vehicular predominante.
- Unha aula co castelán como lingua vehicular predominante.

Nas aulas de 4 anos continúa a escolarización de acordo coa elección feita polas familias no curso anterior, resultando:

- Dúas aulas co galego como lingua vehicular predominante.
- Unha aula co castelán como lingua vehicular predominante.

Nas aulas de 3 anos, segundo o Cuestionario para as familias do alumnado de Educación Infantil, resultan:

- Dúas aulas co galego como lingua vehicular predominante.
- Unha aula co castelán como lingua vehicular predominante.

Obxectivos para a Educación Infantil.

Que o alumnado adquira, dentro das súas posibilidades, unha axeitada competencia nas dúas linguas oficiais.

Traballarase mediante xogos, cancións, poesías, trabalinguas, adiviñas, contos... e tamén aspectos relacionados coa cultura popular autóctona: Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, Letras galegas...

Empregarase unha metodoloxía activa e motivadora, fomentando o interese do alumnado por se expresar en galego en actividades de carácter creativo: contos, banda deseñada, teatro, gravacións audiovisuais, tics, etc., combatendo, se fose o caso, as connotacións negativas que se asocian ó idioma.

Obxectivos para a Educación Primaria.

Conseguir un bilingüismo real que lle permita ó alumnado utilizar con fluidez calquera das dúas linguas ó remate da Ed. Primaria.

Deberáselle prestar atención especial á oralidade, que é decisiva para a aprendizaxe das linguas.

Utilización do galego nos distintos ámbitos da vida escolar: actividades extraescolares, saídas culturais, comedor...

Fomento do uso da lingua galega nas actividades complementarias, extraescolares e actos que organice o centro.

a) Valorar positivamente o uso do galego por parte de toda a comunidade educativa, vencendo prexuízos e promovendo actitudes favorables á galeguización do entorno escolar.

b) Empregar a lingua galega como vehículo de expresión oral entre toda a comunidade educativa, reflexionando sobre o xeito en que cada un se pode liberar dos prexuízos que poidan persistir para a mudanza dos seus hábitos lingüísticos.

c) Potenciar o uso oral e escrito da lingua galega na realización das actividades conxuntas no tempo lectivo e nas actividades extraescolares implicando os axentes participantes (alumnado, profesorado, persoal non docente e ANPA) nun proceso de persuasión e autoconvencemento para que o uso do galego sexa voluntario e non obrigatorio nin impositivo.

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A dinamización lingüística nun centro educativo consiste no desenvolvemento dun conxunto estruturado de actividades que ten como obxectivo crear as condicións que aseguren a posta en marcha e mais o funcionamento da planificación lingüística educativa.

4.1.-Obxectivos.

- a) O fomento da extensión e da diversidade dos usos sociais da lingua galega, principalmente, os usos orais.
- b) A desactivación dos prexuízos e estereotipos sociolingüísticos que aínda pesan sobre ela.
- c) A implicación de todos os axentes escolares e extraescolares neste proceso.
- d) A avaliación continua das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

4.2.-Actividades.

Para a consecución dos obxectivos anteriores propónse a continuidade do seguinte

"PROXECTO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA"

que consta de catro apartados:

a) RECUPERACIÓN DA TRADICIÓN ORAL.

A desenvolver en todos os ciclos do noso centro, de acordo coa seguinte distribución de contidos e actividades:

- Educación Infantil: *"As familias falan galego"*.

Sesións de conta-contos, distribuídas ao longo dos tres cursos escolares e contando coa participación das familias do propio alumnado, das que algún membro vén ao centro para contarlles contos, lembranzas, lendas, sucedidos, etc. en galego.

- 1º ciclo de Ed. Primaria: *"Cantadelas e xogos"*.

Sesións de música en galego na aula, con materiais dirixidos ao alumnado ("Os soños na gaiola", "Cantareliña", "Pelo gato 24", "Canciós para Antía", "13

lúas", "Tic-tac", "Para cantar e bailar", etc.) para familiarizalos coa música/canción infantil en galego, para que aprendan cancións e para xogar inventando outras con ritmos coñecidos.

- 2º ciclo de Ed. Primaria: "*Cantigas, ditos, refráns e adiviñas*".

Sesións de achegamento á literatura popular de tradición oral, aprendendo cantigas, sortes, trabalinguas... e razoando ditos, refráns e adiviñas a partir de escolmas de literatura popular: "Cando o rei por aquí pasou" de Palmira G. Boullosa; "O libro das adiviñas" de Paco Martín; "303 adiviñas" de Gloria Sánchez; "Escola da lareira" de Manuel Quintáns; "Literatura popular de tradición oral" do seminario Beo-Seaia; "Ao pé da Laxa da Moa" de Antón Cortizas e outras.

Como complemento, o alumnado recollerá pola súa conta material deste tipo, que aportará á aula para a súa selección, estudo e catalogación.

Tanto as achegas do centro como as catalogadas do alumnado constituirán, ao remate deste ciclo escolar, unha pequena Escolma de literatura popular de tradición oral.

- 3º ciclo de Ed. Primaria: "*Lendas e contos*".

Continuación do achegamento á literatura popular de tradición oral referido no ciclo anterior. O centro aportará materiais e bibliografía sobre contos tradicionais e lendas significativas como: "Os contos" de Abalo Quintela; "Somos lenda viva" de X. L. Rivas (Mini) e Baldomero Iglesias (Mero); "Escola da lareira" de Manuel Quintáns; "A flor da auga" e "Arrepíos e outros medos" de X. Miranda e A. Reigosa; a colección do "Cabalo buligán" e outros, que deberán complementarse co material aportado polo alumnado para a súa selección, narración na aula e catalogación.

Ao remate do ciclo, confeccionarase un novo tomo da Escolma de literatura popular de tradición oral.

b) FOMENTO DA ORALIDADE.

Este segundo apartado desenvólvese asemade nos ciclos de Infantil e Primaria, de acordo coa seguinte distribución:

- Educación Infantil:

Pequenas expresións e comentarios sobre feitos e temas adaptados á súa idade: a familia, os xogos, os compañeiros, a escola... procurando que as intervencións se fagan do xeito máis ordenado posible e con oracións curtas e claras.

- 1º ciclo de Ed. Primaria:

Comentarios e opinións sobre a realidade cotiá máis próxima: familia, amigos, escola, alimentación, xogos e deportes, tempo atmosférico, vacacións... procurando que se afagan a escoitar, respectando as quendas de palabra e

expresándose con claridade.

- 2º ciclo de Ed. Primaria:

Recreación de situacións cotiás por medio de conversas entre dous ou máis alumnos: de paseo, de compras, xogando no parque, nunha visita ao médico, saíndo de ver unha película, facendo un traballo en grupo..., levando a efecto un inicio de representación das accións elixidas en cada caso, coidando a expresión no que atinxe á entoación, á claridade e ao léxico empregado.

- 3º ciclo de Ed. Primaria:

Representacións teatrais breves (5-10 minutos) de textos dramáticos para nenos: serie Teatro para nenos de Ed. do Castro; obras teatrais de Manuel María: "Aventura dunha espiña de toxo chamada Berenguela", "Barriga verde"; obras teatrais para nenos de Dora e Pura Vázquez; "Teatro para contistas" e "Falou un queixo" de Heidi Kühn-Bode; "O afundimento do Tiránic" de Breogán Riveiro; "O punto da escarola" de X. A. Neira Cruz; "Cataventos e Cía" de C. Díaz Núñez e outros propostos polo profesorado ou polo alumnado, coidando a corrección da expresión oral (entoación, voz, léxico...).

Todas estas actividades desenvolveranse ao longo do tempo que abrangue cada ciclo (3 anos en Infantil, 2 anos en Primaria) e poderán incluírse nas programacións de materias como Lingua (basicamente, posto que de expresión oral en galego se trata: cantigas, ditos, refráns, adiviñas, trabalinguas, lendas...), Música (cancións, cancións dos xogos...), Educación Física (fórmulas para botar a sortes...), Plástica (decorados, preparación vestiario, carteis anunciadores de actividades...), Coñecemento do Medio (literatura popular arredor do Magosto, o Entroido, os Maios, o San Xoán, as estacións, a natureza, a climatoloxía...) e calquera outra que o profesorado estime.

O conxunto das mesmas conforma unha programación global para todo o ensino de Infantil e Primaria, de xeito que o alumnado que comezou na primeira desas etapas vai traballando progresivamente a súa expresión oral ata o remate da Primaria.

c) FESTAS, CELEBRACIÓNS E SAÍDAS.

Abrangue actividades puntuais coincidentes con determinadas datas ao longo do curso escolar:

Magosto	Día da Paz
Samaín	Día do libro
Nadal	Día da árbore
Entroido	Letras galegas

e que consistirán na elaboración de traballos na aula, de tipo individual e colectivo, con exposicións orais, escritas e pictóricas.

- Saída ao Ceip "Mosteiro de Caaveiro" de As Neves-Capela, para participar nas actividades de recuperación de xogos tradicionais e visita ao Museo do Xoguete (alumnado de 3º).

- Saída ao Museo etnográfico de As Neves-Capela (alumnado de 4º).

En traballos colectivos, e por niveis, desenvolveranse actividades xa iniciadas en cursos anteriores e con bos resultados prácticos entre o alumnado:

- Continuación da elaboración do Dicionario Visual Escolar (Vocabulario galego con definición e debuxo para a súa distribución polos corredores do centro).

- A flora galega (Carteis nominativos e con imaxes para a súa exposición permanente polas escaleiras do centro).

- As nosas árbores: continuación da elaboración de carteis plastificados coa denominación das árbores presentes no recinto escolar, cun breve estudo sobre elas para colocar a carón das mesmas.

- Elaboración de carteis plastificados con fraseoloxía popular para os distintos momentos do día.

d) REVISTA ESCOLAR "LÓSTREGO".

De realización anual, coa participación de todos os ciclos educativos e con máis dunha ducia de seccións (Estudos, noticias, investigación, narración, poemas, cómic, cancións, actividades do centro, debuxos, traballos de aula, fotografía, descrições, pasatempos...).

Elabórase ao longo do curso e editase arredor da Semana das Letras, sendo repartida a todo o alumnado do centro.

5.- HORARIO XERAL DO CENTRO

5a) - XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

O horario xeral do centro é de 9 a 14 horas. Polas tardes teñen lugar as actividades extraescolares en horario de 16 a 19 horas. No centro funciona ademais o servizo de madrugadores, de 8 a 9 da mañá, organizado pola ANPA, e o servizo do comedor en horario de 14 a 16 horas, que no presente curso leva a Empresa Serunión, e organiza a ANPA xunto co Consello Escolar e a Dirección do Centro.

Os profesores completan o seu horario polas tardes o luns de 16 a 19 horas, onde teñen lugar as reunións dos órganos de coordinación docente, atención a pais, reunión do Claustro, Consello e outras actividades de traballo persoal. Os demais días da semana en quendas rotatorias en horario de 16 a 18 horas.

O horario de apertura de portas exteriores do patio será ás 9 menos 10. A hora de peche das mesmas será ás 14:05.

O alumnado apuntado ao servizo de madrugadores terá entrada pola porta pequena e entrará pola porta de comedor habitual. Sendo responsabilidade do persoal contratado pola ANPA para dito servizo.

***Visitas ordinarias:**

As visitas ordinarias de pais ao profesorado do centro serán todos os **luns** lectivos (de setembro a xuño) de **17 a 18 horas**. Para unha mellor organización das mesmas, solicitarase previamente a entrevista ao profesor.

***Acceso dos pais ao Centro:**

a) Co fin de facilitar as entradas e saídas do alumnado no colexio, controlar o acceso de persoas alleas e preservar a seguridade dos

alumnos, **rogamos que deixen aos alumnos na porta do centro.** (En Educación Infantil 3 anos acompañaranos ata as portas correspondentes, en 4 e 5 anos, poderán acompañalos ata o patio de EI)

b) Como norma xeral **os pais deberán abandonar o centro ao entregar aos nenos.**

c) Despois de pechadas as portas do Centro, durante os 10 primeiros minutos entrarán acompañados dun familiar previa xustificación escrita, que entregarán os nenos ao seu titor. De repetirse habitualmente este retraso, o alumno accederá na hora do recreo.

d) En E. Infantil os alumnos sairán cinco minutos antes e en 1º ciclo de E.P. dous minutos antes para evitar aglomeracións cos nenos maiores.

e) Se algún alumno precisa saír ou entrar no horario lectivo deberá facelo na hora do recreo (11:45 a 12:15 horas) previo xustificante que mostrará ao Conserxe e entregará ao Titor.

f) Os pais de 1º Ciclo de Educación Primaria esperarán aos nenos dous minutos antes no patio cuberto, respectando as zonas sinaladas e non obstaculizando a saída.

g) Os pais dos alumnos do 2º e 3º ciclo esperarán aos alumnos na porta do centro, agás previa autorización da Dirección.

